

220 millóns

Camilo Nogueira

Lingua, nación e Estado

No espazo europeo é coñecida a relación histórica entre a vontade de independencia das nacións –con todos os obxectivos e aspiracións políticos, económicos e sociais que comprende– e a existencia dunha lingua diferenciada posta en perigo por un poder centralizador e uniformizador, fundamentado noutra cultura lingüística. Analizando esta circunstancia, Ernest Gellner sitúa o nacemento dos movementos nacionais na confluencia de reivindicacións económicas e culturais no momento da industrialización, como “a manifestación externa dunha profunda e inevitable modificación na relacións entre goberno e cultura”. Para el, a diferenza do que ocorreu na sociedade agraria, no mundo industrial as culturas e as nacións diferenciadas necesitan dun Estado propio. Nese sistema económico e social a educación xa non pode ser proporcionada “polas unidades de parentesco ou locais”, senón que debe ser outorgada por un sistema “educativo *nacional* moderno”, que se converte no “símbolo e principal ferramenta do poder do Estado”. De acordo con esta idea, tan necesaria aínda hoxe para calquera cultura lingüística, o autor afirma que o nacionalismo “é consecuencia dunha nova forma de organización social baseada en culturas desenvolvidas profundamente interiorizadas e dependentes da educación, cada unha protexida polo seu respectivo Estado”.

No mundo feudal e agrario era aínda posible a permanencia dunha situación na que o pobo falase unha lingua autóctona diferente da utilizada polas institucións do poder. Porén, a industrialización e a creación xeneralizada polos Estados dunha administración, un sistema fiscal, unhas forzas armadas, un sistema educativo e actividades de desenvolvemento económico centralizados, utilizando para iso unha lingua única, colocaron ás nacións sen Estado perante a necesidade de contar cunha institución estatal –eventualmente con un Estado independente–, non só para garantir o proceso de modernización económica e social senón tamén para que ese proceso se realizase mediante a lingua nacional, utilizada como alta cultura.

Neste marco interpretativo global, Galiza encóntrase nunha situación singular. A lingua galega fora marxinalizada durante séculos pola monarquía, despois de se interromper brutalmente o seu uso na administración e na igrexa no tempo dos Reis Católicos, no mesmo momento en que servía de vehículo ás descubertas portuguesas converténdose en lingua franca no comercio mundial, cando o país irmán xogaba, como afirma o historiador francés Fernand Braudel, “o rol fundamental na enorme conmoción cósmica que conduciu á expansión xeográfica de Europa, na fin do século XV, e a súa presenza explosiva no mundo”.

Nos dous últimos séculos a sociedade galega tivo que facer fronte a un proceso de centralización e uniformización en castelán polo Estado español. Contando cunha lingua que fora a dun reino independente, que era falada pola esmagadora maioría da poboación e que formaba parte dun sistema lingüístico universal, viu como nunha situación de dependencia e marxinação aquel proceso de transformación económica se realizaba nun idioma alleo, o do poder central. Ocorreu isto así a pesar de que en prol do galego xogaba a realidade de non ser só popular, senón unha lingua experimentada historicamente nas institucións monárquicas e estatais, en todos os ámbitos da administración, da vida económica, social e cultural. Carente Galiza por razóns históricas recoñecíbeis de institucións políticas, económicas, sociais e culturais interesadas nese momento en reivindicar o autogoberno fronte ao dominio do poder central, ligando os intereses económicos e sociais á defensa da cultura propia, a reivindicación do galego como lingua nacional foi asumida pola intelectualidade e grupos cívico-políticos.

Só coa conquista da democracia instrumentada co Estatuto de Autonomía e a Constitución de 1978 pasou a ter un *status* de oficialidade territorial en Galiza, xunto co castelán. O galego foi recoñecido como cooficial cando o castelán xa estaba instalado en todo o territorio do Estado cumprindo as funcións estatais negadas ao idioma da nación. Nesta situación –para alén da conciencia nacional a respecto do galego e da vontade colectiva que exista para reivindicalo, elementos que teñen unha importancia crucial– o certo é que, mesmo en Galiza, a única que ten hoxe o *status* de lingua do Estado é o castelán. A pesar de o galego ser falado hoxe pola maioría da poboación e comprendido pola práctica totalidade non é aínda institucionalmente unha *lingua estatal*, como o dinamarqués ou o sueco, poñamos por caso, asumidas sen conflitos nin confrontos no seu carácter de linguas nacionais e estatais.

Superar esta situación non será doado. Necesítanse instrumentos políticos extraordinarios, moi superiores e máis eficaces que os que foron utilizados desde o comezo da autonomía e que os empregados actualmente. Neste sentido, sabendo que todas as linguas teñen un carácter social e político, resulta absurdo, cando non ciniamente interesado, depositar o esforzo de normalización do uso do galego nas familias ou nos individuos. Sen que Galiza teña neste momento un Estado propio, o Goberno e as institucións galegas teñen que actuar a respecto da lingua nacional como institucións estatais, na conciencia de que o tratamento que se lle dea non pode ser o dunha limitada protección como lingua minoritaria, senón o da expansión e a normalización do seu uso sen ningunha restrición e en todos os ámbitos da vida, como ocorre con calquera lingua dunha nación con Estado. O feito de que por razóns históricas –por non darse a circunstancia de o Reino de Galiza devir nun Estado ou formar parte dun Estado da súa lingua– estea o castelán presente no territorio galego crea obxectivamente unha situación conflitiva, que non se dá noutros Estados europeos, e que afecta ao proceso de normalización da lingua galega. A presenza do castelán como segunda lingua é unha realidade insoslaible, mais se o galego ha de recuperar o seu lugar, esa presenza non pode ser utilizada nin polo Estado nin polas

institucións galegas como un instrumento de negación do galego como lingua nacional plenamente normalizada.

Isto que é necesario, é tamén posible. Quebec constitúe un exemplo claro e positivo de normalización da súa lingua, o francés, nun Estado federal como Canadá, con maioría de estados federados e de poboación de fala inglesa. A loita política dos *québécois*, nun entorno político no que a dominancia do inglés está reforzada pola presenza dos EUA, levou ao recoñecemento do francés como a outra lingua oficial no Estado e, o que é aínda máis importante e decisivo, o estado federado de Quebec impuxo por lei un proceso de normalización do francés, que afectou ao uso na educación, sendo obrigatorio na escola pública, incluso para os inmigrantes, sendo recoñecido o inglés como lingua da escola pública para os fillos das persoas de orixe canadense inglesa. A medida deu lugar ao uso xeneralizado do francés na vida económica e na presenza pública. Hoxe unha visita á cidade máis importante, Montreal, ou á capital de Quebec mostra como o francés está presente con total normalidade, téndose freado drasticamente o proceso de inglesización da vida económica nunha nación de esmagadora maioría franco parlante. En consecuencia, nun clima de coñecemento das dúas linguas, a tendencia ao dominio do inglés tornouse nun dominio inequívoco do francés. Os propios inmigrantes, que tiñan por razóns coñecidas tamén noutros países a tendencia a aprenderen o inglés por ser a lingua hexemónica, coñecen agora as dúas e ven como a súa lingua de orixe é tamén considerada nas escolas.

(Naturalmente, o francés do Quebec e o inglés do Canadá ou os EUA, sendo foneticamente diferentes do francés de París ou do inglés de Londres, escríbense basicamente coa mesma norma ou costume ortográficas que os de Francia e Inglaterra).

A presenza internacional do galego

Se no tránsito do mundo agrario ao industrial as linguas se enfrontaron a un proceso de conquista dunha posición como linguas de Estado, como vehículo para todas as actividades institucionais e civís, no mundo de hoxe encáranse co reto da presenza internacional. Un desafío difícil, por unha parte, pois non todas as linguas estatais e nacionais teñen a posibilidade e a capacidade de constituírse directamente e con certa relevancia en linguas de comunicación internacional. Unha situación que, por outra parte, non é contraditoria coa plena realización dunha lingua nacional, tanto máis cando, asumida sen reservas por cada Estado ou nación e pola sociedade civil, nos tempos actuais resulta enormemente máis viable a transmisión internacional mediante a tradución das creacións científicas, culturais e sociais nacionais, ou a da información, realizadas na lingua propia. En todo o caso, resulta racional considerar que confrontarse coas realidades deste tempo, mesmo para asegurar o uso pleno interno das linguas nacionais, seralle máis doado ás que teñan un carácter

internacional, por seren faladas en diversas nacións e Estados e por un grande número de persoas.

Neste contexto, o galego está en condicións potencialmente privilexiadas. É a lingua propia e nacional de Galiza é ao mesmo tempo como galego-portugués unha lingua universal. Actuar en consecuencia, utilizando a posibilidade do seu uso internacional, non só constituiría un ben en si mesmo, senón que, abatendo a ideoloxía do castelán como lingua superior que sustenta a idea oficial de España, contribuiría ademais a mellorar a situación da lingua propia en Galiza.

O uso internacional da lingua galega ten un amplo campo de aplicación. No ámbito político-institucional pode selo como lingua oficial na Unión Europea a través do galego-portugués. O uso oral do galego está aberto a todos os que queiran facelo. Trátase simplemente de falalo con corrección, non caendo nos gravísimos erros comúns no uso público da lingua polos responsables políticos ou nos medios de comunicación audiovisual galegos, sendo conveniente utilizar as formas fonéticas populares propias de Galiza máis próximas ás usadas nas normas portuguesa ou brasileira. O galego xa foi usado así durante cinco anos nos Plenarios do Parlamento Europeo, sendo traducido directamente sen problemas a todas as restantes linguas oficiais, desde o finés e o grego ao inglés ou o castelán.

Como consta nos diarios oficiais e nos rexistros sonoros do Parlamento Europeo, así foi usado sen problemas, situándose nun *status* inalcanzable por esta vía para o catalán ou o éuscaro. Unha experiencia tan singular foi significativamente ignorada ou combatida en Galiza. Tanto os que manteñen posicións contrarias ao galego, laborando pola supremacía do castelán, como os que se empeñan en diferenciar e separar o galego do seu tronco histórico universal do que foi orixe e ao que pertence, quer miraron para outro lado, quer criticaron o uso do galego no Parlamento Europeo. A experiencia foi contestada desde posicións españolistas, pretendendo que os representantes de Galiza, un país integrado no Estado español, tiñan que falar alí a lingua oficial do Estado, o castelán, e nunca unha lingua *estranxeira* como o galego-portugués. Mais tamén, é magoa, desde certas posicións galeguistas ou nacionalistas, cualificando como un simple uso do portugués tomado como outra lingua o que foi un uso estrito do galego oral. Un galego ben diferente do lisboeta, mais sen as deturpacións fonéticas e expresivas procedentes do castelán. A converxencia ortográfica fica necesaria para a libre utilización do galego escrito nas institucións europeas: así foi practicado no Parlamento Europeo na pasada lexislatura.

As posibilidades abertas nas institucións europeas aparecen con maior motivo no caso das relacións cos Estados de lingua galego-portuguesa: Portugal, Brasil, Angola, Moçambique, Cabo Verde, Guiné-Bissau, S. Tomé e Príncipe e Timor Leste, que suman de 220 millóns de persoas, facendo dela a terceira lingua mundial multiestatal. O uso do galego é especialmente necesario e posíbel a respecto de Portugal. Os intercambios comerciais entre os dous países teñen unha importancia moi significativa e crecente. O devir das cousas determinará que as relacións económicas con Portugal sexan para Galiza máis importantes que as

tidas con calquera outra parte da Península. Que se realicen en galego-portugués resulta vital. Se desde Galiza non se toma unha firme decisión nesa dirección, resultaría que as comunicacións entre dous países pertencentes ao mesmo sistema lingüístico se realizarían mui probabelmente en castelán, considerándose desde a parte portuguesa que tratan con empresas españolas, e seguindo na parte galega a rutina dominante e dominada polo uso do castelán. Podería ocorrer mesmo que os portugueses se comuniquen con Galiza en inglés, seguindo unha pauta que non é rara nas comunicacións internacionais de Portugal.

As relacións na lingua común con Brasil teñen tamén unha potencialidade evidente. Con China e a India, trátase dun dos países emerxentes, contando xa con 190 millóns de habitantes e unha capacidade de crecemento extraordinaria. Brasil é unha potencia que fala a lingua nacida en Santiago e Braga. O prestixio e a apertura de horizontes que tería para Galiza que as relacións galego-brasileiras se fixeran na lingua común darían lugar na terra galega a un valor nacional e cultural inapreciables. Esa posibilidade ofrece un extraordinario elemento de autoestima, cuxo desprezo por certas elites galegas responde a estraños e incomprendíbeis elementos suicidas.

Tanto para Brasil como para os países dos demais continentes de fala portuguesa non deixa de ter interese, por outra parte, considerar que a referencia da mesma lingua en Europa non se refira só a Portugal, constituíndo Galiza unha plataforma diferente e complementaria a ter en conta, contribuíndo a ofrecer mesmo a imaxe da diversidade lingüística que responde á realidade obxectiva do Estado español. Se se traballa con determinación, Galiza podería constituírse, como Irlanda para os EUA, ademais de Inglaterra, nunha referencia para Brasil, ademais de Portugal.

No ámbito cultural, particularmente na música e no teatro, o uso do galego nas relacións cos países de fala galego-portuguesa é xa e pode ser aínda moito máis frutífero. Realmente non existe xa con eles máis relación internacional directa desde Galiza que a que se realiza en galego. Está pendente a presenza en Galiza do libro escrito en portugués, tanto no referente a obras escritas orixinariamente en portugués como as traducidas á esta lingua, elemento que pode contribuír grandemente á converxencia e á potenciación e mellora do galego, cuestión especialmente importante e sensíbel no caso da literatura infantil. Está por facer aínda un esforzo pola presenza do libro en galego nos países de lingua galego-portuguesa.

As cadeas de televisión portuguesas deberían ser vistas en Galiza da mesma maneira que o son as do Estado español e a galega en Portugal. Os produtos televisivos brasileiros e galegos poderían ser obxecto de troco comercial. O éxito desde intercambio posíbel está condicionado por parte galega a unha mellora drástica do galego utilizado, fundamentado no galego popular e de absoluta corrección fonética, léxica e morfolóxica.

Proba de normalización do uso do galego sería que os xornais galegos non só utilizasen o galego con normalidade, facendo edicións integramente en galego, como as fan en castelán, senón tamén estendendo o seu radio de acción a Portugal,

con maior motivo e do mesmo xeito que os xornais españois máis destacados se encontran nos quioscos portugueses.

Para desenvolver este futuro da lingua nacional, a converxencia da actual norma oficial do galego coa común do galego-portugués universal resulta non só conveniente senón fundamental. A especificidade do galego a respecto do galego-portugués de Portugal, Brasil e os demais Estados non ten porqué derivar no uso dunha norma ortográfica diferenciada, sendo xa a hora dun acordo global que permita percorrer o camiño da converxencia. No ten sentido seguir fundamentando a norma ortográfica do galego na decisión explícita de facer do galego unha lingua diferente da portuguesa. Estabelecida na transición política co afán de asemellala á castelá para facilitar, supostamente, a aprendizaxe do galego, o resultado foi o dunha perigosa aproximación ao castelán, cando o urxente é a diferenciación a respecto da omnipresente lingua oficial do Estado. Coa converxencia recuperaríase unha tendencia propia do galeguismo que foi ignorada non hai demasiados anos. Rosalía Castro e Eduardo Pondal, en circunstancias moito máis desfavorables que as actuais, recolleron nos seus escritos formas fonéticas como o seseo ou a ortografía etimolóxica tradicional do galego. Murguía e Castelao defenderon a identidade galego-portuguesa.

A converxencia pasa por establecer unha norma fonética e expresiva ligada ao galego popular, que en si mesma respectaría a diferenza co portugués oficial, como ocorre no caso brasileiro a respecto da norma expandida desde Lisboa, escollo en troques unha vía unitaria na norma ortográfica. Converxer na norma ortográfica non é contraditorio co mantemento necesario das formas lingüísticas propias do galego de Galiza. Pola contra, actuando en contra da dialectización fonética e expresiva que ameaza ao galego, as formas populares serían reforzadas e revitalizadas. A decisión sería especialmente crucial para romper a evidente deriva que se está a producir desde o galego oficial cara o castelán, separándose tanto do galego popular conservado polo pobo durante séculos, como, polo mesmo motivo, do galego-portugués histórico, presente agora en catro continentes.

Camilo Nogueira foi deputado no Parlamento Europeo.